

A NOSSA TERRA

IDEARIVM
DAS

ARMANDADES

DA FAIA

Ano XIV

N. 270

1.º de Abril de 1930

CAMILO DIAS

BANCO PASTOR

Casa central: A Cruña, fundada en 1876

Capital suscrito,	17.000.000
Capital desembolsado,	8.500.000

CARBALLIÑO - CARBALLO - O FERROL - A ESTRADA • LUGO - MELIDE - MONDOÑEDO - MONFORTE
MUXÍA - NOIA - OURENSE - ORTIGUEIRA - PADRÓN - PÓBOA DO CARAMIÑAL - PONTEDEUME
RIVADABIA - RIBADEO - SARRIA - TUY - VIGO - VILLALBA E VIVEIRO

ZINKE HERMANS
 LIBREIRÍA PAPELEIRÍA
 IMPRENTA
 •••
 Cantón Grande, 21 y Estrella, 37
 A CRUÑA

Paulino Freire
 BOUZAS — VIGO
 Sucursaes: na Cruña - Ferrol
 Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e
 en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca
 e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses
 Aceites xenerais e vexetaes, e surtido completo para
 maquinaria e pesca.
 Santa Lucia, 26 e 28 : A Cruña

A superioridade dos Calzados Senra

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais
 o procedere d'unha industria galega,

Honra da nosa Rexión

obriga a non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica: Avenida da Granxa - A CRUÑA ◆ Despachos:

Cantón Grande, 15 y Linares Rivas, 35 - A CRUÑA : Real, 110 - FERROL : Príncipe, 9 - VIGO

mais: eiquí pra entre nós, e non te paresa mal, querido galeno, soilo hai duas carreiras, a maxislatura e o Exército. Todolos mais son oficeos. A tí ch'o digo. Meu rapaz, dixome fai días unha cousa... Boeno, non lle dín fala dend'entón. Xa sabes qu'estivo en Vigo c'us parentes. Volvén tolo por ganhar diñeiro e remexerse d'un xeito novo. ¿Sabes o que me dixo o condenado? Que vendera a devesa de Soutelo, o úñeco anaco de terra, que teño, e c'os cartos, establecer unha ferretería nos baixos da casa! ¿Que che parés dos mozos d'hoxe?»

O bombín pesaba sobra testa do medico. Cabilou un instante logo con cansancio e desespero:

—«Que tén razón. ¿Non estás canso da tua toga comesta de polilla no almario? Pra que che serviu? O qu'a miña gastada en procurar votos de paisanos. Nós, somos ús vellos espantallos. Deixa qu'os rapaces procuren nova vía. Progreso, diñeiro, democracia...»

Seguíu ensiando verbas, sin convemento, afogando un salouco interior. Aínda pasearon calados e tristeiros. Por remate a Catedral tocou as doce e meia e os dous señores foron, resoando o bastón nas laxes, a procurar a triste sopa e o quente cocido da vellez vencida.

R. OTERO PEDRAYO.

O PORTO CAR'O MUNDO

No pequeno porto mariñán—as corredeiras rematan na praya, as castañas caen maduras na onda salgada—non se sabía apenas ven do que se pasaba más alá das serras ermas do horizonte. Vagamente tiñase noticia d'urha vil·la na qu'había un auntamento porque de cando en cando viñan a cobrar un trabuco us homes que se fartaban de peixe fresco e tiñan medo a mar. Com'a memoria dos mariños está cruzada de hestorias de naufraxios, de luar sobr'os bancos de sardiña, de peirao lonxanos e d'ise balbordo da marea nos roquedos, aixiña see squençan dos recaudadores. Tampouco ollaban pr'os señoritos que chegaban de farra, no vrán, pois afeitos as longas viaxes en pouco tiñan as aristocracias da bisbarra.

En troques os ollos ambiciosos dos rapaces e os ollos cansos dos vellos aprioxaban os horizontes mariños con angustia diferente: us soñando nos portos enlazados do norte con frascos de xirebra nas tabernas afumadas, rexidas por grosos loiros conselleiros e nos portos do mar azul e das mulleres ulintes a canela e azahar. Outros lembrando os mesmos portos e a sorte d'sos veleiros que fondearon con eles nas augas frias, nas badías tépedas.

Os vecíños do porto mariñán amaban hastra as pedras perigosas onde sempre cantigaban as sirenas do naufraxio e soilo tiñan unha vergonza: a de non dispor d'un branco peirao de pedra lúcente pra gardar os barcos preto dos fogares, a de non ter unha luciña de vibrante esprendor que dixerá os grandes barcos que pasaban ao lonxe que ali, n'un seo do peito da Galiza, habría inriagos destemidos peitos e lume e viño pr'os amigos. Mais en logar do peirao o Estado, ou a provincia, ou o que fose fixolle en moitos anos unha carreteiriña pol'a que escomenzaron a chegar vraniegos falando castelán e a camiñar fillos de patróns mariñeiros pra estudar no Instituto. Desenvolvérонse as ambiciós políticas, houbo casino e verbenas, as mulleres doulle vergonza andar c'os pés espidos e moitos mozos deixaron o mar poi'a terra. Unha carreteira é sempre cousa boa mais postos a elexir escolmariámoo o peirao xa que oxe ainda é mais galego e mais universal a costa qu'o interior da Galiza. Pois ista non quer ouvir legos non collen nos marcos das divisiós administrativas?

T. de A.

ESTE NÚMERO FOI REVISADO POL-A CENSURA

A MANUEL ANTONIO

*Alma singela, de neno,
pero forte e lanzal como a do héroe,
pero recta e baril como a do Home,
cos ollos ateigados de quimeras,
coa fronte ruda, ó vento
dos rotos aspros, circio
o corpo e a testa ergueita
didiante os remotos hourizontes,
circio no mar e na terra.*

*Nidio perfil de home e mariñeiro
— simbiosis perfecta que a Natura
ensaioou en van na juventude
que os deuses prace arrecadar pra si—
subrimado ainda pol-o azo
diviño da poesía.*

*Alma de fogo n'un corpo enjoito,
absorta dos mares no infinito
qu'il en sede eterna traspoña,
engadindo os seus sonos nos ronseles
que surcaban de luz o vasto porto,
debullando, de catro a catro, estrelas
no seu nume, cando a noite
con agoiros sombríos,
devoraba as estrelas do ceo.*

*Nas longas singladuras
refacia a cósmica grandeza,
transferindo o cego fatalismo da Natura
ó imperio teológico do home.
(O veleiro sigueu o seu camiño
ó conjuro das ás do seu piloto.)*

*Levárono unha mañán á cova.
¿Porqué, Señor, ti consentiche eso?...
Blasfemaban as augas abisais como furias
Natura estaba muda, irta i-enloitada.
A friage do seu corpo
cinguiu de friage a nosa alma.
Era frío, triste, adoecido o día
como unha trágica noite enrabieida
que enmendasé consciente o ritmo krónico.*

*Na barca impracabre
que cruza sin cesar a Estigia,
levando cruel sempre ós millores,
non foi solo a frente ergueita
do home jurdio e mariñeiro,
a canción esgrevia do poeta,
o nidio exemplo d-unha vida.
Non foi solo o infinito,
esnaguizado nas pupilas de aquel neno
milagre de amor dos deuses
que fixeno, pra ensaio, sobre a Terra
un paradigma de todal-as nobrezas.*

*Na barca terribre
foi tamén o noso corazón,
cabo d-il en festa, sempre ledo
na quentura fraterna dos seus ollos,
alborozado
no vertical escorzo do seu gesto;
agora co il, incólume,
entrou no outro mar da eternidade.*

ROBERTO BLANCO TORRES

DIANT'A NATUREZA

O home mais ou menos culto d'estes tempos sofre d'unha inquietude diant'a natureza. Esto pi-de unha acrarácion. Pois endexamais se ten gabado tanto a beleza das paisaxes e a virtude do aire de piñeiral pr'os nervios dos homes da cib-dade. Precisamente, cecais, por isto esperimenta-se aquila inquietude.

O labrego vello, siente a natureza d'un xeito o mesmo tempo familiar e místico. Goza m'os pior-nos belidos e c'o frolecer da cerdeira coma dian-

t'o medrar d'un fillo. Una serra do hourizonte é pro labrego un gran ser vivente: hai n'ela urha ermida miragreira, nascen ali moitas augas, ronda un amedo arredor das penedias. Sentimentos escuros, poderosos, étricos poucas veces eispricados con palabras. Non hai que se fiar desmaiado das palabras. Os estados superficiales de concencia son os que se visten de mais pecha vexetación de verbas.

A cultura quixo eispricar a natureza mecáni-

A NOSA TERRA

Redaizón e Adeministrázón

Rúa Real, 36 - 1º

A CRUÑA

Precios de Suscrizón

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XIV



1.º de Abril do 1930



Núm. 270

AO DECORREL-OS DIAS

Con verdadeira ansiedade, como corresponde ao momento político actual, andivemos a agardar as reformas políticas do novo goberno.

Non poderíamos, anque quixéramos, expoñer a nosa sinceira opinión e polo mesmo resignámonos a matar en fror o noso desexo cousa á que xa estamos moi afeitos.

Deixando pois a unha beira as demais cousas imos intentar decir algo encol d'unha cousa que xuzgamos de intrés vital para Galicia. Referimonos ás eleicións xenerás que se anuncian para breve prazo.

Como non é un segredo para ninguén, Galicia leva dúcias de anos, poidéramos decir toda a vida, sin unha representación nas cortes hespañolas que sexa fidel refrexo das suas verdadeiras arelas e dos seus intreses morales e materiales. Prodoito esto da orgaización caciquil dos distritos eleitorás amañados con verdadeira maestría pol-a funesta política do chamado *viejo régimen*. Por Galicia saían diputados que nin siquera conocían o seu distrito nin a nosa terra representación otorgada non pol-os votos dos eleitores senón pol-os amaños dos caciques locás amparados por unha política madrileña por todos repudiada.

O cuneirismo, a xenrocracia, o artigo 29 e demais artimañas caciquís fixeron da nosa terra *coenllo de indias* onde praiticar toda crás de falsificacións da concencia galega.

E agora preguntamos, ¿imos novamente a presenciar nas eleicións vindeiras os mesmos procedimentos e as mesmas adulteracións?

Permitasenos decir que temos a impresión de que imos voltar ás andadas. E non queremos decir con esto que a culpa sexa do goberno nin que il ampare tal inxusticia. Non debe ser así por canto o propio goberno dixo diversas vegadas que as eleicións serían honradas e puras. Decimol-o por-

que n'estes días estamos ollando como as orgaizáçóns caciquís de Galicia, as mesmas que conocimos antes do 13 de Setembro do 23, co'as mesmas persoas e os mesmos procedimentos andan con aitividade vertixinosa preparando o novo tinglado paralizado pero non desfeito durante os anos de dictadura. E como ademais a ley eleitoral non foi reformada e os distritos continuan igual que antes vede como o noso temor non é infundado.

Sospeitamos que ainda non será agora cando Galicia poida facer ouvir a sua verdadeira voz nas cortes de Hespaña. O único xeito de que poidera facel-o sería reformando a ley eleitoral no senso de facer as eleccións pol-o sistema de representación proporcional.

Si de algo vale o noso parecer deixamos con estas verbas exposto o noso pensamento que representa a mais inmediata e urxente petición que facemos ao actual goberno. Como outro remedio non queda, agardemos a ver como se deslizan as cousas sin poder ocultar o noso pesimismo.

O SÉCULO XIX

O FRACASO DA TOGA

1897, non millor 1898, ou ises primeiros anos do XX ainda non coscentes da obriga urxente de ser outra cousa. Us señores falan no salón, posiblemente roxo, do Casino. Están tristes, na habilaceón d'acaron, as mesillas verdes, c'as velas de pantalla verde, do tresillo, pois é pol'a mañá e non se limparon as colillas da noite derradeiro. Os doux señores estan graves, cavilosos. O rexo esquelete de fidalgo campesio d'un d'eles, deixase afundir nos hombreiros e o pescoco fraco apenas sufincia unha cabeza que se baixa ó chán, procurando con ollos esclerosados as froles d'alsombra. O outro señor, tallado en buxo, pernas de pisco, nariz fino de raza, ainda leva con certa eleganza os dedos marelos de tabaco o bigote que se mistura c'a barba de cinsas risosas. Falan dos fillos. Carregados de pasado ningún s'astreve a considerar os anos decorridos. Un foi rexo cazador, médico rural, conqueridor de mozas e cacique valente na montaña. O outro galán xoven na cibdade, yalma e terror nas tertulias, gran señor que gardaba unha

dina miseria no caserón brazonado. Os doux foron vencidos pol'o petróleo, pol'o café, pol'o chubesky e pol'a tertulia da capidat da provincia. Agora falan do pôrvir dos fillos. Tristeiramente decátanse de téllos que guiar por outros camiños.

—«O meu está no segundo de Dreito en Sant-Iago. Mais non poderá seguir. É mal estudante e non terá outro porvir qu'unha oficina no Auntamento. — ¡Que tempos! Agora hai que loitar n'outra forma. Idiomas, cálculo mercantil, un pouco de mundo. Porque nos os señores non hemos ser ricos como os tendetros castelás? Hai que rachar muitas preocupaciós. A tí soilo cho digo: ó segundo rapaz só uno mandar a Burdeos, aló na Francea pra qu'estude cálculo de partida dobré, e... entre n'un almacén. Pois ningún sirve pra gobernar ás terras. Van quedando a bravo. E logo, quen saca un chavo das probes nabeiras! O pior é decirlo á nai. — ¡Ela, ben o sabes, soilo quere fillos con titoo académico!

—«Pois eu, coido que tén razón. Ainda

o seu fervor patriótico n'este homenaxe anual que o pobo cristián rinde aos ilustres galegos que repousan n'este címetero.

Vén, como sempre, ateigada d'unha fé inmortalista nos destinos de Galicia que os homes a quenes agora rendimos homenaxe cantaron en páxinas xurdidas que honran a literatura galega. Cada día mais convencida, de que os anos no seu longo decorrer, endereitan os pasos da vida de Galicia deixa un porvir lumioso de liberdade que cada vez está mais perto.

Curros, Pondal, Murguía, Chané, Adalid e outros mais cando a vida de Galicia desenrolábase no medio d'unhas fondas e espesas bretemas souperon a través d'elas ollar ao fondo un horizonte de craridade, un alborexar cheo de ledicia e de vida que anunciaba unha nova Galicia, unha Galicia libre, grande, que poidera figurar por méritos propios no concerto dos pobos que merecen o nome de tales.

Co'a sua visión profética de homes superiores acuciada polos latexos dos seus corazóns patriotas viron que nas páxinas da nosa historia agarzábanlle a Galicia días de felicidade inmersa, de gloria e libertade, e uns en verso, outros en prosa e outros no pentagrama entonaron un himno fermoroso cuio balbordo tiña de rescar eternamente nos ouvidos das futuras xeneracións obrigándoas a seguir con firmeza e dereitura o camiño sinalado.

Cumprieron co seu deber de bons fillos da terra verdecente e ao morrer sabían que a obra por eles comenzada habería de ter proseguimento. Por eso naceron as Irmandades da Fala.

Dixen xa outra vegada n'este mesmo sitio que o acto que hoxe realizamos, tanto como un homenaxe de lembranza aos nosos mortos debía ser un rendimento anual de contas. Vir aquí a lles

decir o que fixemos, como comprimos os seus mandatos. Para elo, deixemos a cada ún co'a súa concencia.

Os nacionalistas galegos temos sempre a vista de todos a nosa obra da que non imos a falar. ¡Ojalá todolos galegos sentiran no íntimo da súa concencia a satisfacción que nós sentimos do deber cumplido!

De todos xeitos; dende o ano pasado ao que estariños sucederon cousas en España que contribuiron e contribuirán mais ainda ao desenrollo do progreso e da libertade da nosa terra que por agora está suxeta ao rumbo político da península. Todos as sabedes e todos as presenciáchedes.

Avecíñanse para España proisimos días de libertade civil, de saneamento das formas de Goberno, de novos e honrados procedimentos políticos e todo elo repercutirá en Galicia axudándolle a orgaizar a sua propia vida.

Por eso hoxe mais que nunca compre que Galicia enteira dispónase a facer valer os seus de-reitos para que lle sexan reconocidos nas futuras normas que non tardarán en rexir a España.

Ao mesmo tempo que nos preocupamos do desenrollo dos nosos valores autóctonos, como a fala, e o sentimento racial, temos que, por virtude da nosa supeditación ao estado español, conseguir d'el concesións políticas que hasta agora non foi posible conseguir, que nos permitan desenvolver a propia vida de Galicia con todolos seus aspeitos.

Político, económico e cultural.

Unha fonda e patriótica preocupación por Galiza en cada día, en cada momento, e o más grande e fervoroso homenaxe que podemos rendir aos nosos inesquecibles mortos.

DIXEN.»

A HORTA GALEGA

Arredor de cada cibdade e de cada vila galega frolece o arrabalde farturento das hortas. Terra mol, fonda, mollada, nunca cansa, sempre disposta a producir. O feito é d'abondo xeneral na Península: en cuaseque todolos centros de poboazón unha cintura de cultivo intensivo separa a vila da propia campía. Mais na Galiza, como todos saben e non se debe esquencer, domina o asombroso feito xeográfico e económico seguinte: a maior porción da propia campía

é tamén terreo d'orta admirabre. E isto non acontece nas outras terras da península.

A Galiza asucada por infindos vales, grandes e pequenos, que van dende os chaos estesos e as longas e vizosas veijas hasta os recunchos garrimosos das pequenas quebradas da montaña, a forza das augas cría infindas e variadas terras de horta. Tod'a que se chama nos documentos e na linguaxe, chán de nabeira eó de horta propriamente. Estes chaos están adicados a maior

parte a lameiro, millo ou vixía. Proba de que nin o instinto da raza nin unha boa dirección económica souperon guiar d'o xeito mais proveitoso posibre as enerxías e posibilidades agrícolas da Galiza.

O paisano fai d'abondo. Ten que procurar cousas pra manter a casa e mail'o gando e estar sempre disposto a soltar a presaña de prata dos infindos trabucos nacionais e municipais qu'o asoballan. Il non tén a obriga de saber máis qu'os que teñen a obriga de dirixilo. E como ningún o dirixe a Galiza entregada a un absurdo sistema económico sofre d'unha miseria inxustificada no estado actual do Mundo, e sobre todo no sistema económico da Europa.

Este sistema vai parexo c'a posición cultural da que se pode chamar con algúns xeógrafos alemáns. Peninsua dos Alpes xa qu'o falar da Europa haxa que limitar a verba á Europa occidental. Vai sendo o xardín e a Universidade do Mundo. Económicamente está en camiño de producir somentes cousas finas, sutís, química mais que mecánica, ideas e ensayos mais que rendimento estensivo. Deixa os grandes corpos dos outros continentes a angueira da masa, da primeira materia, hasta da grande industria de volume. D'iste xeito os trigos, os millos, as madeiras, as carnes, as lás' os metales en proporción cada día maior son producidos da Pampa, do Canadá, da Australia, do Cabo, do Mississipi, da India, sin contar naturalmente os froitos tropicás. Ela agricolamente

A NOSA TERRA

vai sendo a horta da Europa. Laboura fina, oportunista, delicada, intensiva. Dinamarca vive da manteiga. Bretaña, e outras partes da Francia son arrabaldos pr'o rianxo xornaleiro de Londres tanto como de París. E tan crecedera a importancia da horta e do pomar coidados con tanto xaponés qu'a Prvenza de Mistral arrinca as vellas oliveiras simbólicas, gratas a Daudet e a Maurras pr'adicarse ás legumanzas. Nos vales alpinos resoa mais a auga da horta qu'o machado do leñador ou o corno do pastor. Soilo algunas terras—Castilla, os Balcánicos—garden a anacrónica emigración dos rebainhos. Mais na Hespaña Cataluña, Valencia, Andalucía, Aragón medran c'ó antigo abó da horta mais en anacos pequenos impostos polos «oasis» naturais. Galiza debía ser a horta da Hespaña e hastra en grande parte de Inglaterra. O releve, a auga, o terreo, o xenio do labrego, a forma da bopoazón son ademirabres condicións, úneas na Hespaña. Hai na nosa terra un andacío de cabras e ovelas roedoras dos bosques e faltan finas castes criadas na corte. Curral e horta deberían ser polo menos tanto como agro e lameiro na agricultura nosa. Con boa propaganda e acertada política económica, Galiza n'iste senso axudada pola resurrección e modernización das industrias da aldea e as que faltan nas grandes vilas, non precisaría que ningún dos seus fillos procurase o seu compañeo nas Américas nin en ningures.

R. O. P.

Na amañecida

Xa alá van os días pretos e fernandinos. A noite rompeu o fin nunha amañecida, incerta, neboeira duvidosa, pro amañecida o fin. Os vellos voltarán a sua ollada sete anos atrás; nós adiantámola oito anos pra adiante, gozando na semellanza da lús, a ledicia do sol-por do día, derradeiro de... itantas cousas!

Eu confeso que n'este istante non penso na cuta política de Madrid; a fonda crisis política d'Hespaña ha-se resolver de por si. Entristéce-me e mágoame esa outra crisis que se ten de resolver nos pequenos medios: nas cibdas de provincia, nas vilas, nas aldeias. Eiqui pouco importa que gobernen conservadores ou liberaes, calristas ou masos; importa o cacicazgo d'un ou

d'outro, as latrincadas d'este ou as trampas do outro. Teño medo de ollar novamente a gabachería do pedáneo e a venda de votos dos labregos.

Preocúpame so nesta hora nova a vida de miñas aldeias galegas. Eu quixera que nelas se revoltasen todalas vellas preocupacións, pra que neste istante que encomenzan, sentíndose todos fortes e limpos, saídasen sereamente as contas d'un pasado que so poderá voltar no caso en que sexan posibles retoñaciós por non ter ben metido o arado.

Marañón dicía ha pouco: nin camisas bermeillas que cheiran a sangue, nin camisas pretas que cheiran a podre; camisas brancas e limpas.

camente. Un sentimento mecánico da natureza pode satisfacere a un espírito fortemente sabido na química, na bioloxía, na astronomía. Polo menos admitámolo así. Mais o home armado da cultura xeneral síntese desarmado dian'to azul d'un ceo de vran, dian'ta voluntade d'un piñeiral heroico que agatúa e saca sugas de vida d'un coto esgrevio. O grande orgullo do home leitor de xornaes, o grande orgullo do home que suprimeu por comodidade o problema metafísico, non lle da licenza pra avergoñarse dian'to mundo. E procura convertilo en istromento d'utilidade pr' o seu precioso corpo trunfante. A montaña fíxose pra perder grasas subindo a ela, o mar pra se bañare, o bosque pra vigorizar os bofes, o verde pra repousar os ollos cansos do libro de contas e da vibración do cine.

A natureza non pode ser nunca indiferente ao problema fundo e total do home. Ela, na sua misteriosa e calada concencia pide tamén a lus d'unha forte concencia humán. Prefire a angustea aprioxada a indiferencia satisfeita. Faise lonxana e pechada pra quen coida resoltas c'un pouco de cultura orgullosa, oda'l as arelas do vivir. Ela, precisa d'unha tensión de concencia, de universo interior pra mostrar un pouco da sua concencia. Sobre todo, naturezas como a galega, na que o traballo e o ensøño da raza están de tal maneira incorporados na paisaxe que sin figura retórica pódese calificar de vos galega a vos do piñeiral e sentir na feitura atromentada i enerxica do carballo a door e a voluntade do vivir da Galiza.

MANUEL GULIN.

L E R | A

O "CHOC-EN-RETOUR"

Estamos agora no tempo do contragolpe, do «choc-en-retour» da ditadura. O movemento pendular da opinión avala cara á esquerda tanto coñ'a ditadura avaiou cara a dereita. Os pobos están sujeitos aiste ir e vir constante d'un cabo ao outro, e a abelencia política consiste en pillal-o péndulo cando ven cara nós.

E consolante de certo está fame e sede de liberdade e democracia—que pode indicar fame e sede de justiza—e iste noxo contra dos poderes persoais e extralegais.

A gente quer democracia. Somentes eu pregunto:

Pode haber democracia sen qu'os dereitos coleitivos dos pobos obteñan as precisas garantías? A liberdade ha ser somentes pra opinar e pra expór cada un o seu pensar? E verdadeira democracia a que se non preocupa da autonomía das entidades naturáis coleitivas que chaman rexigés? E demócrata o que tolera contra d'elas o poder absoluto do Estado? E liberal o centralismo? Non é o centralismo unha herenza e

unha supervivenza do absolutismo cesarista dos reis antigos, que se quer impedir que volva?

O régime democrático que piden hoxe tantos galegos, non é mais qu'unha verba, un conceito valeiro, ou de certo leva adentro de si a eisigenza d'un sistema de garantías pra os dereitos coleitivos de Galiza?

Eu quixera ollar manifestaciós craras e terriblantes n-iste senso, que se vira n-isto crara a actitude de cada un, ou en favor, ou en contra de Galiza.

Porque Galiza si que é un «problema concreto» de democracia e de liberdade, e os liberales e os demócratas hánse de mostrar, non na teoría, doida despois de todo para calquera, cando nn se trata mais que de repetir o que todos din, senón na realidade de cada caso concreto e sangrante, coma cando se trata d'un pobo coleitivamente asoballado.

Hai qu'aproveitar o «choc-en-retour» a prole de Galiza.

VICENTE RISCO.

O MAPA DA GALIZA

O mapa engaña. Os afeitos a miralo a cotío esperimentamos o imperio e a limitación do artificio con que se fai. Archipiélagos de parroquias grosas illas de cidades, unhas c' o antigo prestixio da crux bispal. Outras c'un vento novo nás indicaciós dos consulados, dos cables, das ilñas de navegación. As mintireiras suturas dos marcos das provincias dibuxando unha arquiteutura morta de cráneo e non a vital unanimidade da sustancia cerebral, de miolo sensitivo da Terra.

No mapa pérdece a realidade da frondura e do ritmo. Pra sentir a Galiza, as vidas da Galiza, há que maximarse primeiro un releve material e logo os vales, os chaos outos, as coridleiras da configuración espiritual. D'iste xeito consideradas deseguida se olla unha zona de vilas e parroquias, salferidas en diferentes grupos, que viven na outura entre a neve e os lobos, preto das rúbes. Non chega a elas o claxón nin o peixe fresco. Son no espírito como as neveiras fontes dos ríos e fontes da historia. Seu ritmo ináinio ainda s'acompanha c' o reló do mundo mítico, animado, dramático. En serras duras ou en chairas estesas as parroquias monterías—as primeiras douradas pol' o sol da mañán—son o Pamir—orixes d'augas, de sangre, da raza—da Galiza. Hai nelas diferentes gradacíos pois todo feito na nosa terra matizase fortemente, o carácter das xentes, as asociaciós da paisaxe, as rocas, a arte, dentro d'unha vital

unidad. E baixo d'eles festoneada en costas bravas ou doces, artellada en vals estesos como pequenas planuras e más frequentemente afundidos e dibuxados com' as enrugas da cortiza d'un podente carballo. N'ista rexión viven as cidades e as vilas, corren as estradas e os camiños de ferro cuaseque afastados da primeira. A campiña tamén latexa c'un vivir antigo e racial, mais sempre e loita c' as outras concepcións mecanicistas do mundo. Agudízase o dramatismo do istante histórico da Galiza. Mais nas duas Galizas—postas a un lado as vilas—como se dibuxa o mapa físico e hasta certo punto o mapa espiritual? Pódese dibuxar un mapa de opinión? Deixando a das vilas e cidades—polo menos o da toma aparente d'elas—a opinión da campiña esmigállase en tantas parroquias como hai no mapa. Algúns pequenos grupos de parroquias poden disponer d'unha certa unanimidade de opinión en col de certos asuntos. Mais non hai unha opinión xeneral de tod-o agro galego sobre algúns problemas esenziais da raza e da terra? Haina. O feito sería dala á lus, fague-la xurdir da concencia íntima dos labregos. I-else non consigue con outros medios dos que n'outra hora espallaban as lendas dos heroes e dos santos. Por medio de xentes que souperan falar os galegos, por medios dos que falaremos, si Deus da vida, n'outro artigo.

R. OTERO PEDRAYO.

HONRANDO AOS NOSOS MORTOS

O domingo, 16, celebrouse o alito anual de levar frores ás campas dos ilustres galegos que durmen no cimenterio cruñés. Como sempre, concurreu a él moito público e representacións de todas as entidades crufiesas. Somentes faltou por primeira vegada a representación do Concello sendo ouxeto de moitos comentarios tal desconsideración e abandono.

Ante a tumba de Curros Enríquez, o presidente do Círculo de Artesanos noso bon amigo señor Búa pronunciou unhas elocuentes e moi sentidas

verbas en galego que mereceron calurosos gabanzos dos ouvientes.

Lembrou a sinificación dos galegos a quienes se homenaxeaba e tivo entusiásticas e sinceras frases de galeguismo puro que realzaron pola sua sinceridade e patriotismo o homenaxe,

Despois diante a cruz dos esquecidos noso irmán Víctor Casas leeu as seguintes cuartillas:

«A Irmandade da Fala representando tamén a todolos grupos nacionalistas de Galicia e América acude como todolos anos a este acto a sumar

Eu diría: nin fonce nin auga benta; mans aberdas pra tecoller caídos honrados, pedir xustiza pronta e coller varas Zalameas. Pra desfaguerros das miocas e dos sapos, bastan os pés.

Recollamos noso intrese na vida destas nosas aldeias esquecidas; nelas gárdase a herenza gro-

riosa dos bós tempos—somente da que sairá o froito maduro. Cavilemos nelas e pra elas. Un porvir lúmioso coroará a espranza leda que neles temos posta.

ALVARO DE LAS CASAS.

O P O R T O

Berro longo da sirena
Na noite de lua e sal,
Vibraceon cósmica da onda
Lonxe do ben e do mal.

Lus roxa, lus verde do porto,
No silenzo do malecón
Van pés espidos de marñeiro
E un cantar triste d'acordeón.

O molusco da badia
Esterrica o corpo mol:
Vieira de cunchas de penedo
E pingas do limón do sol.

Pensamentos dos navíos
Tendidos car'un futuro
De brancos corpos de sereas
Xogando n'un fondo escuro.

Es tí, porto, o hemisferio
Que s'ache gou á cibdade
Pra ouvir a mûseca do cine

E descansar da inmensidáde.

Nos escollos fía a onda
Os sudarios do naufraxio
Branca escuma, sotil blonda
N'a que amolece o presaxio.

Durmironse as Tres Marias,
Xa espertarán c'a mañán
Namentras, ten man do rumbo
O faro de Breogán.

Forte bergantín de Corme
Pasou a mar de Niñóns,
Inda lle canta nas velas
A campaiña d'Allóns.

Brila a Galaxia no ceo
cordaxe do barco astral
Que guía o Apóstol Sant-Iago
Pr'a terra do Santo Graal.

Z.

FILLOS DE H. HERVADA
(CASA FUNDADA EN 1865)
A CRUÑA

FERRETEIRIA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINAS, PEDRAS FRANCESAS PARA MUIÑOS ETC. ETC.

F O L L A S N O V A S

OBRAS COMPLETAS (1.º TOMO).—LEIRAS PULPEIRO

Acaba de publicar a Editorial «Nós» o primeiro volume das obras completas do gran poeta galego Manuel Leiras Pulpeiro. Un libro de 200 páxinas contendo 79 poesías do chorado poeta a quen ainda Galiza non rendira o homenaxe que lle debía. Para a sua imprentación contribuiron un fato de galegos residentes na Arxentina facendo con elo un acto patriótico que os honra verdadeiramente.

Non era posibre atopar mais que de cando en vez unha que outra producción do exquisito poeta e con este libro perdúrarse a súa lembranza. A lembranza d'un dos nosos melhores poetas do século pasado tan admirabre como poeta como bón patriota.

As poesías que contén o libro, que leva un admirabre introito de Otero Pedrayo, poñen de actualidade o nome de Leiras Pulpeiro e son a maior revelación do gran poeta que era, do seu amor pola terra galega e os seus profundos conocimentos da nosa fala.

Temos a seguridade de que a súa aparición contará con agarimo dos amanfes da nosa cultura e constituirá un verdadeiro éxito editorial.

O segundo tomo das súas obras, contendo vo-

cabulario, folleto e referins, está xa en prelo e non tardará en ser publicado.

Apraudimos con fervor a cantes contribución a publicación dos dous libros cuia aparición señalamos con verdadeira ledicia.

«SEÑARDA», POR AQUILINO IGLESIAS

Temos recibido un libro de versos que nos da a conocer un novo poeta galego hasta agora inédito. Tíduase «Señardá» e o seu autor é Aquilino Iglesia Alvariño, semarista de Mondóvedo.

Ven adicado a Galiza e Portugal e leva como prefacio unha interesante carta de Xulio de Lemos, segredario do Instituto Histórico do Minho. As cincuenta poesías que contén «Señardá» revelanmos que o seu autor é un poeta de outros vós e firme envergadura. Por todos conceitos merece o seu autor a consideración de estimalo como un bón poeta que vén a continuar a tradición. Hai nos seus versos inspiración, galanura de estilo, patriotismo e fondos conocimentos do idioma galego.

Sauderos con verdadeira satisfacción a saída d'este libro, ben editado na imprenta Palacio de Lugo, que nos da a conocer un poeta novo a quen lle agarda un bón porvir e merecidos éxitos.

Imp. NÓS, Linares Rivas 50, A CRUÑA.

E F E C T O S N Á V A L E S
de
FERRER E COMPAÑÍA - SUCESORES
F. Bertrán e Mirambell

VIGO E A CRUÑA

(CASA FUNDADA EN 1868)

*Artigos xenerais para equipo da Mariña militar
vapores, barcos de vela e pescadores.*

Grandes Almacés de Tecidos

N U E V O M U N D O

SECCIÓN DE SASTRERIA E CONFECIONES

INMENSO SURTIDO EN PANOS DA REXIÓN E EX-
TRANXEIROS CONFECIÓNANSE TODA CLAS DE
PRENDAS PARA MULLERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 -- Teléfono 256

A CRUÑA